

## O LIBRO DE SAN CIPRIÁN

### I

Un día o señor Runxías díxolle ó seu compadre Goriño, a boca de xarro:

- ¿Queres facerte rico pra toda a vida nesta mesma noite?
- Anque sexa agora mesmo -contestoulle Goriño-. Pro non lle vexo trazas. ¿Como non vaíamos a roubar ó vinculeiro!
- Sin roubar a ninguén, e moi honradamente.
- ¡Ai compadre, ti hoxe non estás bo da cabeza!
- A cabeza, gráceas a Dios, ríxeme ben, pois non estou tolo nin borracho.
- ¡Ti seica me amocas! Entón, ¿cómo pode ser iso de facerme rico nunha noite, sin rouballo nin heredalo nin que lle toque a un a lotería?
- Mira, ho; has de saber que eu teño o libre de San Ciprián, onde trague a maneira como se ha de facer para chamar ó demo e pidirlle cartos.
- Si non di máis que a maneira de pidilos, xa podes botar o libro no lume. O caso é que diga a maneira de dalos.
- Pra que o demo solte a mosca non hai máis que venderlle a alma.
- ¡Carafio! ¡Eu non lla vendo por canto ouro hai no mundo!
- O conto é que soche os cartos, que dimpois xa lle buscaremos unha saída pra desface-la venda.
- ¡Ti seica pensas que o demo é parvo! ¡Xa buscará el o modo de amarrarse ben, con escritura pública, pagando os dereitos á Facenda e pasándoa ó Rexistro!
- Iso déixao da miña conta. Xa sabes que eu doulle catro voltas a tódolos avogados de Corne i eínda lle podo dar cinco ó demo. Eiquí solasmentes hai unha defecultade.
- ¿E cal é, ho?
- Que o diaño no queira mercarnos as almas.
- Home, mal será que a miña, polo menos, non lle conveña. Eu son un bon cristiano, sin desprecear a ninguén, que oigo misa tódolos días de festa, confésome a meúdo e non fago mal a persoa nacida. ¿Coidas que non lle val a pena dar ó demo sesenta mil réas pola miña alma?
- Xa veremos canto se lle pode sacar. Ti déixame a min.

- ¡Boeno! ¡Fíome en ti! ¿E que hai que facer pra que o demo veña a arregrar o trato?
- Hai que ir ás doce da noite á faldra do monte Castelo, e con unha vela de cera branca i o libro na man, botar uns latinorios e berrar tres veces: ¡Satanasio! ¡Satanasio! ¡Satanasio!
- ¿E dempois?
- Dempois vén el, e tratamos o que sexa.
- Entón, vamos esta noite xa. As cousas en quente.
- ¡Boeno! Espérame á sonde xunto ó pinar de Toucedo, que alí chegarei eu co libro i a vela. E disto, conto calado.
- Non téis que encargarme nada. Xa sabes que eu son máis secreto que unha tomba. Vaia... astra noite.
- Adiós, e non faltes. Xa sabes, ás once no pinar de Toucedo.
- E os dous compadres soparáronse.

## II

Eran as once da noite pasadas e chovía si Dios daba auga cando os dous compadres, mollados como pitos, se xuntaron ó pé do valado do pinar de Toucedo.

- ¡Vaise mollar o trato! -dixo Goriño-. ¿El virá con ista chuvia?
- ¡Millor eínda! ¡O que quere o demo é auga! ¿Ti non ves que está ardendo o pasto? Hoxe, como anda refrescado, ha de vir de moi bon humor.
- ¡Ai compadre, eu non as teño todas comigo!
- Tampouco eu, pro hai que facerse o valente, senón estamos mal.

I eisí, de conversa os dous compadres, tembrando máis co medo que co frío, chegaron á faldra do monte Castelo.

O vento, que era forte, amainou de todo e saíu a lúa con cara de bola por antre os dous nubarróns.

- Parece que se compón o tempo, -dixo Runxías-. Alcendre a vela que eu vou a abri-lo libro.
- ¡Ai compadre, eu teño medo!
- ¿A que has de ter medo, ho?

- A que o demo nos faga unha das súas. ¡Con que no vai á misa non hai chanzas!
- Alcendre a vela e déixate de lerias. ¡Si te pos con retónicas, non facemos nada!

O pobre Goriño, tembrando como unha vara verde, alcendreu o cirial; o señor Ruxías, que tampouco as tiña todas consigo, abreu o libraco i escomezou a cirimonia.

- *Términus este tripas: maior medius et minor* -rosmou Runxías.
- Amén -contestou Goriño.
- Cala, burro, que ti non téns nada que dicir. *Cusco tanden Catalina abotare paciencia ostras. Canís... piscis... Tu es Petrus et super... et.*
- ¡Ai compadre, para, para pola túa vida! ¡Deixemos esto, que nos vai a saír pola cara!
- ¡Carafío, non me trabuques! *Meus, mea, meum.*
- ¿Mexas, compadre? ¡Tamén eu! ¡É co medo!
- *Ego sum, tu es, ille est.*
- ¿Falta moito?
- Estamos acabando. *Eme Acci Planti Captiri, Bonus, bona, bonum.* Prepárate, que aí van os tres conxuros. ¡Satanasio!
- ¡Jasús me valla! ¡Xa vai un!
- Non fales agora de Dios Noso Señor, alabado el sea, que o botamos todo a perder. ¡Satanasio!
- ¡Xa van dous!, berrou Goriño, agarrándose ó señor Runxías e cerrando os ollos.
- ¡Satanasio! -dixo este por terceira ves, coa vos embargada de medo.

I os dous compadres abrazáronse un no outro, máis calados que petos e páledos como defuntos.

Nesto pasou un pouquiño de tempo.

- ¡Seique non vén! -dixo Runxías polo baixo.
- ¡Ojalás non veña! -contestou Goriño, máis morto que vivo.

De súpeto, un demo, feo, fraco, peludo, saltou entre o médeo dos dous compadres e, cos brazos erguidos, escomezou a beilar diante deles, abrindo a boca astra as orellas.

Runxías e Goriño, ó ver somellante demo, xa non quixeron esperar máis, guindaron coa vela, o libro i os paraguas e, dando sebo ás canelas, botaron a correr cara ó lugar, i ó chegar á porta da primeira casa caíron os dous sin sentido, o un enriba do outro.

Cando os veciños os recolleron, non daban a pé nin a perna, i houbo que metelos na cama e darlles unha sangría.

Oito días tardano en curar do susto i, eisí que se viron completamente sanos, xuráronse un ó outro non volver a andar en tratos co diaño en tódolos días da súa vida; e logo, pra descargar as concencias, fóronse a confesar con FRAY PRUDENCIO, que lles puso de penitencia suscribirse por un ano ó seu periódico, ¡e ler un verso de Labarta tódalas noites ó deitarse!

O que nunca chegaron a saber foi que o demo que se lles apareceu era un oso domesticado deses con que os xitanos se ganan a vida, facéndoos beilar ó son dun panadeiro.

Aquela noite o probe do oso, que durmía co seu dono a campo raso, sintiu ánseas de ser libre e ganar a vida pola súa conta, i escapoulle ó amo pra ir a beilar diante dos dous compadres.

Saíulle mal o ensaio porque o púbrico fuxiulle i o xitano volveuno prender.

¡Pobre oso! ¡Era máis dino de ser home que aqueles dous compadres!